

## INSCRIBIRSE NO REXISTRO DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

---

Que bibliotecas poden inscribirse?

Toda as bibliotecas que cumpran os requisitos estipulados no [Decreto 41/2001 do 1 de febreiro](#), de refundición de normativa na materia de bibliotecas, así como o acordado nos convenios que se asinen coa consellería competente na materia de cultura.

A inscrición no Rexistro non supón -nin obriga a isto- a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia, pero é un requisito imprescindible para pertencer a ela.

Que hai que facer para inscribirse?

O alcalde-presidente do concello no caso de bibliotecas municipais, o presidente da Deputación Provincial no caso das bibliotecas dependentes destas institucións, os reitores das Universidades no caso de bibliotecas universitarias, ou os titulares correspondentes, no caso de bibliotecas privadas, deben dirixir unha instancia a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, cubrindo o formulario [CT230A "Rexistro de bibliotecas de Galicia"](#) ao/á conselleiro/a competente en materia de Cultura, acompañada da seguinte documentación:

- Copia do convenio de colaboración asinado coa consellería competente na materia de Cultura, en caso de telo asinado.
- Copia dos planos do local.

A instancia presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de conformidade co establecido nos artigos 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación poderás empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

A resolución da inscrición no Rexistro de bibliotecas correspóndelle ao/á conselleiro/a competente na materia de cultura.